



Resolución pola que se aproba a concesión da subvención nominativa á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra para a execución de plans de actuación destinados á protección da biodiversidade da contorna de Pontevedra

REF. EXPTE.: 2024/SUBDIREC/000036

Examinado o expediente tramitado para conceder a subvención directa nominativa que se sinala no asunto, resultan acreditados os seguintes:

I.- Antecedentes:

- 1.- Por providencia-memoria xustificativa ditada polo órgano competente dispúxose iniciar o expediente para o outorgamento dunha subvención directa nominativa á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra (NIF V36352540), de ata o 100% do custo total da actividade e co límite de 40.000,00 €, para a execución de plans de actuación destinados á protección da biodiversidade da contorna de Pontevedra.
- 2.- O expediente foi informado polo Servizo Xestor e pola Asesoría Xurídica Municipal.
- 3.- O Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade contabilizou a operación necesaria para o outorgamento da subvención e a Intervención Xeral Municipal fiscalizou de conformidade o expediente.
- 4.- En data 19/12/2024 a interesada solicitou a ampliación do período de realización da actividade ata o 31/12/2024, xa que a concesión da subvención tería lugar con posterioridade á data de finalización do proxecto que estaba prevista inicialmente.

II.- Fundamentos xurídicos:

- 1.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, exercerá en todo caso competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na materia obxecto da subvención, o que xustifica a utilidade pública e o interese social na concesión da axuda.
- 2.- O artigo 3 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra dispón que son subvencións as disposicións dinerarias realizadas polo Concello para o desenvolvemento de proxectos, accións ou condutas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de titularidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.
- 3.- O artigo 22.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións establece que poderán concederse subvencións de forma directa cando estas estivesen previstas nominativamente nos orzamentos dos entes públicos.
- 4.- A subvención obxecto desta resolución financia ata o 100% do proxecto subvencionado, constando no expediente a motivación esixida polo artigo 5 da Ordenanza de subvencións, que se concreta nos extremos expostos na providencia-memoria emitida pola concelleira da Área de xestión ambiental e territorial en data 22/11/2024: "(...) en base á anterior fundamentación, esta administración comprométese





a chegar ata o 100% do importe do gasto total da actividade subvencionada, co límite de 40.000,00 €. Os motivos expostos, que xustifican a importancia ambiental, económica e social dos montes de Pontevedra e a súa relevancia na protección do medio ambiente do Concello e nas políticas de prevención de incendios na nosa comarca, xustifican as especiais razóns de interese público e social no outorgamento da subvención, así como a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar”.

5.- A interesada solicitou en data 19/12/2024 a ampliación do período de realización da actividade ata o 31/12/2024, posto que a concesión da subvención tería lugar con posterioridade á data de finalización do proxecto que estaba prevista inicialmente. Tendo en conta que esta ampliación do prazo é na mesma anualidade, que non supón unha modificación do proxecto subvencionado, que non se lesionan dereitos de terceiros e que non afecta á imputación orzamentaria do gasto, estímase a solicitude da interesada, establecendo como período de realización da actuación e como período subvencionable o comprendido entre o 02/01/2024 e o 31/12/2024.

6.- A competencia para a concesión da subvención de forma directa referente á axuda por este importe corresponde á Alcaldía, en función do establecido no artigo 36.3 da OXS, no artigo 124.4.n) da Lei 7/1985 e no artigo 13.2.n) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal. Esta competencia atópase delegada na concelleira da Área de xestión ambiental e territorial, con competencia en montes e parques forestais por decreto do alcalde de 17/09/2024, que establece que a concesión de subvencións directas corresponderá aos/as concelleiros/as de goberno delegados de área, segundo o seu ámbito funcional, sempre e cando sexa competencia da Alcaldía, nos termos establecidos na OXS do Concello de Pontevedra.

Esta concellaría, atendendo ao establecido nos informes da xefatura do servizo, da Asesoría Xurídica do Concello, do OXOC e da Intervención Xeral Municipal, e que lle serven de fundamento, no exercicio das súas atribucións delegadas, **resolve**:

Primeiro: Aprobar a concesión da subvención, prevista nominativamente nos orzamentos municipais, á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra (V36352540) para a execución de plans de actuación destinados á protección da biodiversidade da contorna de Pontevedra (planificación técnica a 10 anos da ordenación dos montes e obtención da dobre certificación forestal nos sistemas PEFC, Programme for the Endorsement of Forest Certification e FSC, Forest Stewardship Council), por importe de 40.000,00 €, nos termos previstos na providencia-memoria da concelleira da Área de xestión ambiental e territorial e no convenio regulador da axuda.

A achega económica financiará ata o 100% do importe do gasto total do programa subvencionado, co límite de 40.000,00 €, en base ás especiais razóns de interese público e social motivadas no expediente.

Segundo: Aprobar o gasto polo importe que corresponda con cargo á aplicación orzamentaria e operación do exercicio vixente que sinala o informe da Intervención Xeral:





Aplicación	Operación nº	Importe
10/1724/78092	12024000054424	40.000,00 €

Terceiro: Aprobar o texto do convenio regulador da subvención nominativa do seguinte teor literal:

“Convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra para a execución de plans de actuación destinados á protección da biodiversidade da contorna de Pontevedra

No Concello de Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

Comparecen:

Dunha parte, Miguel Anxo Fernández Lores, alcalde-presidente do Concello de Pontevedra, no exercicio das atribucións que lle confire a lexislación sobre réxime e administración local.

E doutra parte D. Manuel Casas Macías (NIF 35316633H), actuando en nome e representación da Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra (CIF V36352540) como presidente.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio e, a tal efecto,

Expoñen:

I. Consonte co artigo 45 da Constitución Española de 1978 as persoas teñen dereito a gozar dun medio ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa así coma o deber de conservalo, sendo unha obriga dos poderes públicos velar pola utilización racional de todos os recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade da vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva.

O artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas materias de medio ambiente urbano, protección da salubridade pública, prevención e extinción de incendios e ocupación do tempo libre.

Tamén o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispón que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, na materia de protección do medio ambiente e da salubridade pública e ocupación do tempo de lecer, establecéndose no artigo 81 desa norma, a obriga de prestar o servizo de prevención e extinción de incendios.





A Lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes sinala no artigo 33 que as administración públicas impulsarán técnica e economicamente a ordenación de todos os montes. Os montes declarados de utilidade pública e os montes protectores deberán contar cun proxecto de ordenación de montes, plan dasocrático ou outro instrumento de xestión equivalente. A elaboración dos ditos plans farase a instancias do titular do monte ou do órgano forestal da comunidade autónoma, debendo ser aprobados, en todo caso por este último.

O Concello de Pontevedra ten, entre outras competencias, a elaboración e aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, con arranxo a Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e a lexislación galega de montes, integralos nos plans de emerxencia municipais de conformidade co previsto na lexislación galega de emerxencias, artigo 7.a) da Lei 3/2007, establecendo o seu artigo 16 que o planeamento municipal de prevención e defensa contra incendios forestais se integrará nos planes municipais de emerxencias con arranxo ao establecido na lexislación galega de emerxencias.

II. A Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, segundo resulta dos seus estatutos, foi constituída sen ánimo de lucro e ten como obxectivo fundamental a defensa e mellora dos montes veciñais en man común da zona de Pontevedra nos eidos económico, social, cultural e ecolóxico. Forman parte tamén dos seus obxectivos a promoción de plans de desenvolvemento integral dos montes veciñais mancomunados e a loita mancomunada contra os incendios forestais a través de actividades de prevención e colaboración na extinción e a representación unida das comunidades de montes integradas nela perante ás Administracións Públicas.

Os estatutos da devandita mancomunidade foron visados en data 25/08/2010 pola Consellaría de Medio Rural, atopándose a dita entidade inscrita no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común de Galicia co número 858.

A Mancomunidade de Montes de Pontevedra está integrada polas comunidades de montes veciñais en man común propietarias do monte da contorna periurbana de Pontevedra, que na actualidade son as seguintes:

- CMVMC de Salcedo
- CMVMC de Lourizán
- CMVMC de Tomeza
- CMVMC de Santa María de Xeve
- CMVMC de San André de Xeve
- CMVMC de Salgueiral
- CMVMC de Verducido
- CMVMC de Lérez





- CMVMC de Castro Lampán
- CMVMC de Ponte Santopaio
- CMVMC de Canicouva
- CMVMC de Marcón
- CMVMC de Campañó
- CMVMC de Mourente

III. Segundo o disposto na exposición de motivos da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os bosques son un elemento básico da estratexia ambiental e piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Kioto.

Esta lei recoñece o papel fundamental que representan os montes, tanto dende o punto de vista económico –coa madeira como principal aproveitamento– como ambiental, e tamén social e cultural, en canto espazo de expansión e lugar de encontro e esparexemento. Ademais, outórgaselle o monte unha función básica na fixación da poboación no rural e un importante papel na protección do solo, da paisaxe, dos sistemas hidrolóxicos e de todos os ecosistemas que as formacións arbóreas albergan.

No Concello de Pontevedra, o monte ocupa un lugar esencial e desempeña unha función básica no mantemento da riqueza e da biodiversidade da nosa contorna, constitúe un recurso estratéxico que debe de contribuír ao desenvolvemento socioeconómico da comarca e desenvolven unha función social relevante no Concello, ademais de constituír un lugar social de recreo, encontro, lúdico e de gozo da veciñanza.

A Lei de montes de Galicia recoñece que a xestión forestal sustentable, así como a ordenación dos montes son eixos que permiten manter a súa biodiversidade, produtividade, vitalidade, potencialidade e capacidade de rexeneración, para atender, agora e no futuro, as funcións ecolóxicas, económicas e sociais relevantes no ámbito local, que é o que se pretende coa sinatura do presente convenio.

Xa que logo, o Concello de Pontevedra ten como unha das súas prioridades poñer en valor o monte da súa contorna e fomentar as actuacións que impulsen o seu desenvolvemento ambiental, económico e social, promovendo proxectos e iniciativas que contribúan á mellora da biodiversidade e potencialidade dos montes de Pontevedra e a revitalizar o sector forestal do noso municipio.

Polo tanto, o convenio a asinar regula a subvención directa outorgada á Mancomunidade de Montes de Pontevedra para colaborar na ordenación e na mellora da xestión dos montes de Pontevedra, financiando os traballos destinados á planificación dos montes veciñais en man común do municipio e á obtención da súa dobre certificación forestal FSC (Forest Stewardship Council) e PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification).

O outorgamento da subvención permitirá o efectivo exercicio das competencias outorgadas aos concellos pola lexislación, así como o cumprimento dos obxectivos e principios da Lei 7/2012, contribuíndo a





adaptación dos montes da nosa contorna ao cambio climático. Co outorgamento da subvención preténdese tamén fomentar a xestión encamiñada á resiliencia e resistencia dos nosos montes, cooperar no desenvolvemento social e económico da comarca e servir de instrumento para previr e loitar contra os incendios forestais.

IV. Segundo os seus estatutos, a Mancomunidade de Montes de Pontevedra ten entre as súas finalidades a representación unida das comunidades de montes integradas nela perante ás Administracións Públicas, estando integradas nesta entidade as comunidades de montes veciñais en man común de Pontevedra (Salgueiral, Castro Lampán, Campañó, Canicouva, Lourizán, Lérez, Marcón, Mourente, Ponte Sampaio, Salcedo, Santa María de Xeve, Tomeza, Verducido e Santo André de Xeve), que son as propietarias dos montes obxecto da planificación e ordenación que se quere fomentar coa sinatura do convenio.

Xa que logo, a actuación que se quere fomentar coa sinatura do convenio só pode realizarse sobre os montes veciñais de Pontevedra, sendo a Mancomunidade de Montes a única entidade existente que ten como función principal o desenvolvemento integral deses montes, de xeito que permita unha ordenación global e completa dos montes da nosa contorna.

Esta é a razón que xustifica a singularidade do obxecto da subvención e a idoneidade da súa concesión directa á Mancomunidade de Montes de Pontevedra, tendo en conta que, de realizarse unha convocatoria pública para o outorgamento da axuda só podería ser beneficiaria a Mancomunidade de Montes de Pontevedra, pois a finalidade que persegue o Concello é fomentar a mellora e planificación integral, colaborativa e participativa dos montes da súa contorna e o desenvolvemento económico e social da totalidade dos seus bosques, promovendo actuacións globais para conseguir este obxectivo. Con esta colaboración preténdese aglutinar baixo un mesmo instrumento a planificación forestal do municipio, de xeito que poidan aproveitarse as sinerxias destes proxectos, para que non queden en iniciativas soltas, dispersas e inexas entre si, resultando así máis eficiente e axeitado para a boa administración dos fondos públicos.

V. Para o fomento da actuación sinalada, o Concello de Pontevedra comprometeu nos seus orzamentos xerais a aplicación orzamentaria 10-1724-78092, coa finalidade de outorgar á Mancomunidade de Montes de Pontevedra unha subvención nominativa por importe de 40.000,00€ para a planificación dos montes periurbanos, seguindo criterios de sostenibilidade e biodiversidade.

A subvención concedida poderá alcanzar ata o 100% do importe do gasto total do proxecto subvencionado, co límite de 40.000,00 €, estando xustificada a excepcionalidade esixida pola Ordenanza de subvencións do Concello en canto á porcentaxe da subvención a outorgar nas razóns expostas nesta exposición de motivos, relacionadas coa prevención dos incendios forestais, coa consecución dos obxectivos de mellora ambiental, económica e social dos montes do Concello de Pontevedra a coa necesidade de garantir a protección integral do sistema forestal da nosa contorna.

Pola súa banda, o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Pontevedra vixente recolle no seu Anexo I co número 043 a subvención regulada no convenio.

VI. O convenio de colaboración resulta o instrumento xurídico habitual para canalizar as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, consonte co establecido na vixente Ordenanza xeral





municipal de subvencións, que foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión do 17/09/2004 e baixo a vixencia da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e do Regulamento que desenvolve a anterior, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 17 de novembro.

En base a canto antecede, as partes intervenientes acordan celebrar o presente convenio de colaboración entre o Concello de Pontevedra e a Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra para a execución de plans de actuación destinados á protección da biodiversidade da contorna de Pontevedra que se rexerá con suxeición ás seguintes **cláusulas**:

Primeira.- Obxecto do convenio e obxectivos da subvención do Concello.

1. O obxecto deste convenio é o de establecer as condicións reguladoras da subvención nominativa prevista no Orzamento Xeral do Concello que se lle outorga á beneficiaria, pola contía e para a actividade, proxecto ou actuación de interese municipal e utilidade pública que se detalla a continuación:

Entidade beneficiaria	Importe da subvención	Actividade , proxecto ou actuación financiada	Período de realización	Período subvencionable
Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra / NIF V36352540	40.000,00 €	<ul style="list-style-type: none">planificación técnica a 10 anos da ordenación dos montes veciñais integrantes da Mancomunidadeobtención da dobre certificación forestal FSC (Forest Stewardship Council) e PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification)	02/01/2024 ao 31/12/2024	02/01/2024 ao 31/12/2024

2. A actividade, proxecto ou actuación subvencionada terá que realizarse no ano 2024.

3. Os obxectivos concretos que se queren acadar co outorgamento da subvención son os seguintes:

- Elaborar e presentar perante a administración forestal competente os Proxectos de Ordenación dos montes que na actualidade non contén con este requisito, necesario para a obtención das certificacións forestais
- Levar a cabo os trámites necesarios para a consecución da dobre certificación forestal, nos sistemas PEFC (Programme for the Endorsement of Forest Certification schemes ou Programa para o recoñecemento da Certificación Forestal) e FSC (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal).

Trátase polo tanto de dotar á superficie da Mancomunidade de Montes de Pontevedra dunha axeitada ordenación e dunha aposta pola biodiversidade e a xestión respectuosa e sostible do medio a través da





planificación a 10 anos do monte e da dobre certificación forestal, nos termos e coas finalidades establecidos na parte expositiva deste convenio.

Segunda. Normativa de aplicación

A esta subvención seranlle de aplicación as seguintes normas:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado por Real decreto 887/2006
- Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra e os seus Organismos Autónomos, aprobada polo Pleno da corporación municipal na sesión do 17/09/2004 (<https://sede.pontevedra.gal/public/dynamic/publications/municipalregulations/>)

Terceira. Importe da subvención e financiamento do convenio

1. O Concello de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade de 40.000,00 € para colaborar nos gastos derivados da organización da actividade subvencionada.

2. O financiamento municipal poderá alcanzar o 100% do custe do proxecto en atención ao especial interese público e da actuación subvencionada xustificado no expediente tramitado para a súa aprobación. A colaboración municipal non superará a cantidade indicada dos 40.000,00 €.

A subvención nominativa financiarase con cargo á aplicación do Orzamento Xeral do Concello deste ano que se sinala a continuación, na que existe crédito axeitado e suficiente:

Aplicación	Operación nº	Importe
10/1724/78092	12024000054424	40.000,00 €

Cuarta. Compatibilidade con outras axudas e subvencións





1. A subvención outorgada polo Concello é compatible con outras axudas, ingresos ou recursos públicos ou privados para a mesma finalidade. Neste caso, na xustificación da subvención deberá de acreditarse o importe, procedencia e aplicacións dos fondos percibidos á actividade subvencionada.
2. O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver pola beneficiaria.

Quinta. Obrigas e compromisos da beneficiaria

A beneficiaria deberá cumprir coas obrigas establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 7 da Ordenanza de subvencións, e realizar os seguintes compromisos:

- A beneficiaria comprométese a destinar a achega municipal ao desenvolvemento do obxecto do presente convenio e a manter o investimento por un período de a lo menos 5 anos. Poderá dedicar o 100% dos recursos que aporta este convenio á contratación dunha empresa técnica, coas debidas garantías, que poida levar a cabo, con solvencia e en prazo, as accións seguintes:
- Redacción dos proxectos de ordenación dos montes integrantes da Mancomunidade de Montes de Pontevedra que non contén con este documento previamente aprobado, así como a súa presentación na plataforma oficial da Xunta de Galicia (trámite necesario para a aprobación do mesmo), garantindo a súa aprobación no prazo establecido para a tramitación do procedemento que estableza a normativa de aplicación. É requisito imprescindible que esta planificación se realice a 10 anos. Esta obriga comprenderá:
 - o A codificación do proxecto de ordenación de cada comunidade de montes no aplicativo correspondente da Consellería competente da Xunta de Galicia.
 - o Realizar as modificación que requira cada departamento sectorial do proxecto de ordenación (Servizo Provincial de Patrimonio, Servizo Provincial de Medioambiente, Augas de Galicia, etc)
- Levar a cabo os trámites necesarios para a consecución da dobre certificación forestal, nos sistemas (Programme for the Endorsement of Forest Certification schemes ou Programa para o recoñecemento da Certificación Forestal) e FSC (Forest Stewardship Council ou Consello de Administración Forestal)
- Redactar en lingua galega as publicacións, a cartalaría, a publicidade e toda a produción escrita das actividades da asociación beneficiaria da subvención, de acordo co artigo 33.3 da Ordenanza de impulso do uso do galego no Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 23/07/2004.





- Cumprir as obrigas de publicidade e de difusión do financiamento do Concello establecidas na cláusula décimo segunda.
- Comunicar a solicitude ou obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- Comunicar calquera alteración das condicións que fundamentaron a concesión da axuda, solicitando a súa autorización.
- Solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo ou a entrega dos subministros necesarios para realizar a actividade, cando o seu prezo supere os 15.000,00 €, sen incluír o IVE, nos termos indicados na cláusula décima, agás nos supostos establecidos no artigo 31.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Xustificar a subvención na forma establecida na cláusula décimo primeira.
- Conservar os documentos xustificativos da actividade ou proxecto subvencionado por un prazo de 5 anos.
- Cumprir a normativa que lle resulte de aplicación en materia de contratación e xestión do gasto.
- Poñer a disposición do Concello de Pontevedra toda a información, documentación, aplicativos e datos que consten ou sexan consecuencia dos proxectos de ordenación financiados con esta subvención, cando lle sexan requiridos polo Concello para a execución das súas competencias en materia de protección do medio ambiente e protección e extinción de incendios.
- A beneficiaria someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro que efectúe o órgano concedente da subvención ou calquera outro órgano competente, achegando canta información lle sexa requirida.

Sexta. Obrigas e compromisos do Concello de Pontevedra

O Concello de Pontevedra comprométese a:

- Conceder á Mancomunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra unha subvención por importe de 40.000,00 € para colaborar nos gastos derivados da planificación técnica a 10 anos da ordenación dos montes veciñais integrantes da Mancomunidade e da obtención da dobre certificación forestal.
- Darlle á beneficiaria toda a información que poida achegar para o desenvolvemento da actividade.
- Difundir, a través dos instrumentos e canles de comunicación dos que dispoña o Concello de Pontevedra, a realización das actividades subvencionadas.





Sétima. Subcontratación da actividade

1. A execución dos traballos descritos require uns coñecementos técnicos precisos e experiencia en materia de xestión e ordenación forestal para unha óptima clasificación das parcelas, estudo da topografía e vexetación existente e toda a superficie, etc e en definitiva para obter un axeitado planeamento de toda a superficie que se compón polos terreos de todas as comunidades de montes que forman parte da Mancomunidade de Montes de Pontevedra (a beneficiaria) o que motiva a elevación da porcentaxe máxima permitida para a subcontratación ao 100%.

A beneficiaria comprométese a destinar a achega municipal ao desenvolvemento do obxecto do presente convenio e polo tanto poderá dedicar o 100% dos recursos que aporta este convenio á contratación dunha empresa técnica, coas debidas garantías, que poida levar a cabo, con solvencia e en prazo, as accións sinaladas debendo celebrar un contrato por escrito.

2. Os contratistas quedarán obrigados só perante a beneficiaria, quen asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración.

3. A beneficiaria será responsable de que na execución do proxecto subvencionado concertado con terceiros se respecten os límites establecidos nas presentes bases e na normativa reguladora da subvención en canto a natureza e contía dos gastos subvencionables e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración previsto no artigo 46 de LXS para permitir a adecuada verificación do cumprimento dos límites.

4. A beneficiaria non poderá concertar en ningún caso a execución parcial da actividade nin contratar as prestacións de bens ou servizos necesarios para a realización da actividade coas persoas ou entidades que enumera o punto 7 do artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Oitava. Posibilidade de anticipo

Non cabe a posibilidade de anticipo.

Novena. Gasto subvencionable

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación. O IVE soportado, que deberá de constar desagregado, será subvencionable cando a beneficiaria non poida deducilo, recuperalo ou compensalo.

Os custes indirectos imputaranse ao proxecto subvencionado na parte que razoablemente corresponda e na medida en que estean relacionados de maneira indubitada e se realicen no período no que se





desenvolva a actuación. Consideraranse custes indirectos os gastos de persoal que non sexan contratados especificamente para levar a cabo os eventos subvencionados; neste caso, deberá de achegarse certificado da beneficiaria relativo ao custe imputado á subvención.

Décima. Gastos subvencionables superiores a 15.000 €

1. De conformidade co que establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, cando o importe do gasto subvencionable contratado pola beneficiaria supere os 15.000 euros deberá de solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do gasto.

2. Só se exceptuará este requisito nos seguintes casos:

- cando no mercado non exista un número suficiente de empresas coas que contratar polas especiais características do gasto.
- cando o gasto se realice con anterioridade á concesión da subvención.

3. Coa xustificación da subvención deberán achegarse as ofertas solicitadas.

4. A elección entre as ofertas solicitadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía; no caso de elixir a oferta economicamente menos vantaxosa, deberá de xustificarse esta circunstancia expresamente nunha memoria.

Décimo Primeira. Xustificación da subvención

1. O pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria xustifique axeitadamente a realización da actividade para a que se concedeu a axuda, nos termos establecidos neste convenio e na normativa reguladora da subvención, principalmente no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontevedra (OXS)

2. A entidade beneficiaria está obrigada a presentar a conta xustificativa da subvención a través da Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (<http://sede.pontevedra.gal/>) ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A falta de xustificación ou a xustificación insuficiente terá como consecuencia a perda do dereito total ou parcial da subvención ou, no seu caso, ao reintegro das cantidades xa percibidas.

A data límite para a presentación da conta xustificativa será o **31 de marzo de 2025**. A presentación da conta xustificativa fóra do prazo establecido constitúe unha infracción leve, ao incumprir as obrigas establecidas na normativa reguladora das subvencións públicas, e dará lugar á imposición das sancións previstas legalmente.





Por solicitude previa da beneficiaria presentada como mínimo un mes antes de que venza o antedito prazo, mediante resolución do órgano competente, poderase conceder unha ampliación deste prazo que non exceda da metade do prazo inicial, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiros.

3. O tipo de xustificación será o de conta xustificativa con achega de xustificantes de gasto, debendo de presentar a seguinte documentación:

- Solicitude de pagamento do modelo 221 normalizado facilitado polo Concello.
- Declaración responsable da entidade beneficiaria relativa ao cumprimento das condicións e obrigas impostas coa concesión da subvención (Anexo I do formulario 221).
- Memoria detallada da actividade/proxecto subvencionada/o, con indicación das actividades realizadas e dos resultados e obxectivos obtidos (Anexo II do formulario 221).
- Relación total de ingresos da actividade/proxecto subvencionada/o (Anexo III do formulario 221).
- Relación total de gastos da actividade/proxecto subvencionada/o, con indicación das facturas ou dos documentos xustificativos do gasto (Anexos IV e V do formulario 221).
- Xustificación documental do gasto: facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente e o seu correspondente xustificante de pago.
- Documentación na que se acredite o cumprimento da obriga de publicidade do financiamento da actividade polo Concello de Pontevedra (publicacións folletos, díptico, anuncios, correos, etc).
- Certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria e coa Consellería de Economía e Facenda.
- De ser o caso, documentación acreditativa da solicitude efectuada de tres ofertas e memoria xustificativa da elección efectuada.
- Documentación elaborada:
 - Proxectos de Ordenación dos Montes realizados.
 - Documentación acreditativa da toma de coñecemento polas Xuntas Directivas das respectivas Comunidades de Montes dos proxectos de ordenación elaborados que afecten ao seu respectivo territorio.
 - Certificado de inclusión no sistema de certificación forestal Pefc e certificado de inclusión no sistema de certificación forestal FSC.
 - Documentación que acredite a presentación dos proxectos de ordenación na correspondente plataforma da Xunta de Galicia.





As facturas xustificativas da subvención deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, aprobado polo Real Decreto 1619/2012, estarán datadas no período subvencionable e conterán o selo de pagado ou xustificación documental que acredite o seu pago.

A beneficiaria deberá achegar a xustificación documental do pago e, no caso de que esta non poida presentarse coa conta xustificativa, deberá de acreditarse o pagamento no prazo de 10 días dende o abono da subvención pola Tesourería Municipal, ao abeiro do establecido no artigo 18.2 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello.

Así mesmo, segundo o artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, non poderán pagarse en efectivo as operacións de importe igual ou superior a 1.000,00 €, polo que o pagamento destas operacións acreditarase co correspondente xustificante da transferencia bancaria.

Décimo segunda. Publicidade e difusión da subvención

A entidade beneficiaria deberá dar publicidade da subvención concedida polo Concello e do carácter público da financiación da actividade.

De acordo con isto, deberá de destacar en lugar preeminente a colaboración económica do Concello de Pontevedra, na documentación da actuación, nas informacións, materiais e anuncios de difusión da actividade que realice e tamén na páxina web e nas redes sociais do evento, de acordo coa imaxe corporativa do Concello de Pontevedra.

Décimo terceira. Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que cumprirán coa normativa de protección de datos, establecida na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, o Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo cal se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (RLOPD), en todo aquilo que non contradiga a normativa vixente, así como o Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas con respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e pola cal se derroga a Directiva 95/46/CE.

Neste sentido, só se poderán tratar os datos persoais facilitados para a realización das actividades obxecto do convenio nos termos que se establecen nas anteriores normas e, no seu caso, de acordo coas instrucións facilitadas polo Delegado de protección de datos do Concello de Pontevedra.

Concretamente, as partes asinantes fan constar, de maneira expresa, que adoptarán e aplicarán as medidas organizativas e técnicas necesarias para garantir a seguridade dos datos aos cales accedan como





consecuencia das actuacións que son obxecto deste Convenio.

2. A entidade beneficiaria e as persoas que se integren nesta, así como o persoal que teña ao seu cargo obríganse a gardar reserva respecto dos datos ou antecedentes relacionados co obxecto do convenio, e quedan obrigadas a gardar segredo e sigilo sobre os datos aos que poidan ter acceso con ocasión do cumprimento do convenio, obriga que subsiste incluso unha vez que se extinga o convenio.

Décimo cuarta. Sometemento aos órganos de control da xestión económica do sector público

No exercicio das funcións de fiscalización e control do destino dos fondos públicos a entidade beneficiaria facilitará canta información lle sexa requirida pola Intervención Xeral Municipal, polo Tribunal de Cuentas e polo Consello de Contas de Galicia.

Neste senso, a súa actuación estará sometida á esixencia de responsabilidade contable nos termos e co alcance que determine, no seu caso, o axuizamento dos anteriores órganos.

Décimo quinta. Órgano de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio

Para o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio, dos compromisos adquiridos e das actividades previstas, constituírse unha comisión de seguimento integrada por catro membros, dous a proposta do alcalde e dous a proposta da beneficiaria da subvención.

A Comisión de Seguimento resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir en canto á interpretación e cumprimento dos termos do convenio.

Décimo sexta. Vixencia e causas de extinción

1. O presente convenio de colaboración entrará en vigor no intre da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2024, estendéndose o seu prazo de xustificación como máximo ata o 31 de marzo de 2025.

2. Serán causas de extinción deste convenio:

- O transcurso do prazo da súa vixencia e a realización do seu obxecto.
- O acordo unánime das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.





- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista na lei.

O incumprimento do obxecto, actividades e compromisos establecidos no convenio por parte da entidade beneficiaria dará lugar á incoación do expediente de reintegro da subvención, ademais da imposición das sancións que, no seu caso, resulten oportunas.

Décimo sétima.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición competente

O convenio ten natureza administrativa e rexerase pola normativa reguladora das subvencións públicas que se indica na cláusula segunda, pola Lei 40/2015, pola lexislación básica do Estado en materia de réxime local, pola Lei 9/2007, polos preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006, polas cláusulas que se conteñen neste convenio, polas Bases de Execución do Orzamento do Concello e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Ante a falta de entendemento previo pola Comisión de Seguimento, as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

En proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio, no lugar e data ao principio indicados, quedando un exemplar en poder de cada unha delas”.

Así se dispón e ordena polo Sra. concelleira da Área de xestión ambiental e territorial, con competencia en montes e parques forestais, en Pontevedra na data que figura na sinatura electrónica, do que o secretario da Administración Municipal dá fe.

